

APROXIMACIÓN CONCEPTUAL Á VIDA COTIÁ E A SÚA PROXECCIÓN CURRICULAR NO ENSINO OBRIGATORIO

Javier Cortizo Nieto.

1 - INTRODUCCIÓN

Cada época histórica é non só o conxunto de acontecementos que lle dan forma senón tamén o conxunto de ideas, crenzas e valores culturais que rodean a estes feitos. Cada época ten a súa mentalidade e o cambio de mentalidade é o reflexo dos cambios do mundo social e cotián.

A mentalidade do cidadán do século vinte, nos países desenvolvidos, cambiou nas últimas décadas co vertixinoso ritmo dos grandes cambios políticos, sociais e tecnolóxicos que convulsionaron o século.

O noso país non está á marxe destes cambios e si podemos indicar que se aceleraron coa chegada do sistema democrático, xa que o cambio de mentalidade é máis doado se existe liberdade, elemento e factor básico da convivencia, pero tamén cabe sinalar que aumentan e ó mesmo tempo fanse máis visibles os atrancos e os conflitos da convivencia, unhas veces polas esixencias individuais ou polos conflitos sociais de distinta natureza.

Outorgámoslle ó conflito persoal ou colectivo unha dimensión positiva, desde a idea de que favorece o proceso de socialización ou que impide a osificación do sistema social. Falar e reflexionar desde a existencia lévanos directamente á vida cotiá, e a posta en marcha do novo sistema educativo, que ten como un dos seus eixes esenciais unha educación guiada pola comprensión reflexiva. Isto é o que nos anima ó desenvolvemento desta análise; é ademais como sinala MELICH (1994) con grande acerto “ el conflicto es un modo de encuentro social (y pedagógico) de primera magnitud”.

Nunha educación que teña como eixe os principios que se consagran na LOXSE, é preciso que nos contidos das Ciencias Sociais se recollan e se redefinan os saberes que os escolares deben acadar no seu proceso de aprendizaxe desde o que é a esencia da vida cotiá (recomendamos ler a definición que sobre a vida cotián formula H. LEFEBVRE en “Intro-

ducción a la psicología de la vida cotidiana”), que nos pode servir como punto de partida inicial.

Neste senso é necesario realizar un proceso de contextualización nunha dobre dirección; por unha banda a propia individualidade dos escolares e que eles constrúan os seus coñecementos sen caer nos estereotipos e as fotos fixas que caracterizan en grande medida ós libros de texto que manexan os escolares, que na inmensa maioría están alonxados do que é a realidade que os envolve, sendo este un dos factores que alimenta o fracaso escolar, e como nos suxire PERKINS queremos unha institución escolar que mire cara ó éxito; pero por outra banda a comunidade educativa, no seu conxunto, ten que demandarlles ós poderes públicos a necesidade de investir máis recursos na educación, como nos di GARY BECKER (1983) en “EL capital humano”. E isto sen as rixideces economicistas de corte neoliberal, que están a xurdir no momento actual, e si desde propostas sociais, que fagan posible o desenvolvemento dos escolares, nun novo marco ético e nun marco moral renovado e ademais visible, na estrutura da vida cotiá.

2 - A ESTRUCTURA DA VIDA COTIÁ É O MARCO VIVENCIAL DOS ESCOLARES

¿Que entendemos por estrutura da vida cotiá? Reollemos a acepción que lle deu o profesor ARANGUREN (1987), “la estructura de la vida cotidiana consiste en la instalación en unos usos, reglas, supuestos y sobreentendidos, con arreglo a los cuales ordenamos con regularidad casi todos los momentos de nuestra vida”. Dámoslle unha grande amplitude de significados as verbas do profesor ARANGUREN e traballamos con elas desde distintas ópticas e perspectivas neste artigo.

Pódese analizar a estrutura da vida cotiá desde diferentes planos e niveis temporais e espaciais, e, por suposto culturais, tarefa que non imos facer neste artigo, e si en cambio fixarnos aínda que sexa moi brevemente na estrutura que enmarcan os actos e as accións dos escolares, e isto desde os procesos de socialización e tendo o centro escolar como lugar de mediación.

Hai que salientar, neste momento, que estamos a falar dos procesos de socialización, tanto a nivel primario como a nivel secundario e contemplando o devandito proceso como un conflito que están a vivir e a experimentar os escolares.

Hai que buscar os aspectos positivos dese conflito desde a autorrealización e a identificación persoal e humana co contorno da vida cotiá.

Os escolares do ensino obrigatorio teñen unha estrutura da vida cotiá que temos que explorar en tódolos seus matices e significados. Isto debe servirnos para que conflúan os contidos curriculares coa súa problemática vital. E isto comenza por considerar ó centro de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria como lugares de mediación co mundo social, dándolle un significado antropolóxico, pleno e total, ó termo lugar, recollendo neste caso a significación de AUGÉ (1995).

Pero tamén queremos sinalar, por outra banda, que o sentir e o vivir da colectividade, tanto social como a que conforman os escolares, debe ser o nutriente esencial dos diferentes contidos das Ciencias Sociais, e tanto nun ámbito como noutro ten que producirse o feito da interacción, é dicir, que os escolares interaccionen consigo mesmos pero tamén co seu contorno social. En definitiva que saiban cómo son e ónde están, pero dunha forma

activa e que o armazón esencial do coñecemento se funda coa realidade do que é cotián e ademais presente.

Acabamos de indicar que a estrutura da vida cotiá ten no presente un dos elementos claves e temos que advertir que os cambios acelerados que se están a producir nos modos de vida e nos comportamentos sociais posibilitan que o presente se consuma nunha frenética actividade, deixando para mañá os proxectos persoais e que o presente se caracterice por unha competitividade extrema.

Neste punto é conveniente iniciar unha reflexión dobre, que desde logo merece máis atención que a que lle prestamos neste artigo.

Por un lado recordamos unhas verbas de Carlos Gurméndez que se recollían nun artigo titulado “ Dialéctica del presente “ (EL PAIS, 4-11-96), no que nos dicía : “Abandonemos los sueños paradisiacos del futuro sen renunciar a la utopía y dejemos atrás las memorias melancólicas de un pasado dichoso. Adoremos, simplemente, la presencia del presente”.

A vida cotiá ten que servirnos para que os escolares a engargen co seu presente e tamén coa súa historia persoal. E o marco temporal da súa historia de vida debe servirnos para que acaden unha comprensión conceptual do tempo histórico, pero tamén para que os escolares gocen e vivan o seu presente de forma plena.

Por outro lado esta situación de extrema competitividade trasládase, con relativa frecuencia, manifestándose nas relacións que se establecen na comunidade educativa, tanto nas relacións sociais como nas que se producen no proceso de aprendizaxe, queremos insistir, dun xeito claro, que isto acontece en tódolos niveis educativos.

POSTIC ábrenos camiños e posibilidades para iniciar un proceso de reflexión que nos leve cara á busca de relacións positivas na comunidade educativa.

E podemos, agora, tirar unha conclusión nuclear, que pensar positivamente resulta esencial. É dicir, afrontar as decisións ou situacións que xorden no marco da vida cotiá e integralas nas estruturas conceptuais indica unha boa predisposición para achegar o presente cotián ó mundo escolar, e por suposto ó que se fai nel, e isto permitirá que os escolares poidan descubrir por si mesmos a natureza do que se fai na escola(DELVAL1993).

3 - OS CONTIDOS DO SABER COTIAN

É conveniente que clarexemos, en primeiro lugar, cales son os contidos do saber cotián. Entendemos por contidos do saber cotián a suma de nosos coñecementos sobre a realidade que empregamos dun modo efectivo na vida cotiá.

Os contidos do saber cotián téñense que dimensionar desde feitos, ideas e conceptos, procedementos, actitudes, valores e normas. Teñen que ter unha intencionalidade educativa esencial, desenvolver un proceso, profundo e intenso, de aprendizaxe da existencia, e dicir, a convivir co cotián. E isto desde a individualidade pero tamén desde o plano colectivo.

Desde esta óptica as Ciencias Sociais, ó longo dos cursos, ciclos e etapas da educación obrigatoria, débense vertebrar desde a presenza do presente e así darlles ós escolares a posibilidade real de que as súas necesidades vitais e relacionais se mesturen co que chamamos saber académico (PÉREZ GÓMEZ 1993).

A fusión do saber cotián cos saberes académicos, máis concretamente nas Ciencias Sociais, en tódolos ciclos e etapas do ensino obrigatorio, aínda está lonxe de ser conseguido, pero tamén hai que sinalar que a LOXSE abre certas vías de fusión e de andamiaxe entre o presente cotián e o saber ou coñecemento científico a través dos temas transversais ou os chamados campos de estudio das Ciencias Sociais segundo a terminoloxía de GROOS (1983).

Temos que preguntarnos se os deseños curriculares elaborados nos centros educativos avanzarán neste proceso de andamiaxe ou quedarán nas portas desa fusión, pero aquí temos que recordar que xa no ano 1968 AUSUBEL escribía que “ De todos los factores que influyen en el aprendizaje, el más importante consiste en lo que el alumno ya sabe. Averíguese esto y enséñese consecuentemente (Educational Psychology).

Temos que insistir en algo obvio, e é que a vida cotiá está inmersa na realidade social, múltiple e complexa, é hai na realidade social un compoñente vivencial que hai que aproveitar, e isto cunha finalidade clara: acadar dos escolares, do ensino obrigatorio, unha motivación plena e multidireccional, elevando sempre as súas expectativas de ser útiles no contorno social.

Non podemos esquecer que é na vida cotiá onde se producen, por unha banda os procesos de autorrealización persoal, pero por outra banda os procesos de alienación.

Neste intre podemos tirar unha conclusión que se torna nuclear na nosa opinión. Hai unha realidade que está a impoñerse e é que a vida cotiá na existencia vital é tan diversa e multiforme que nos obriga a un acoutamento selectivo dos seus contidos.

É preciso, pois, realizar un traballo de busca dos criterios que guíen o acoutamento dos contidos. Como punto de partida teríamos que considerar aqueles factores e elementos da vida cotiá que favorezan o desenvolvemento da personalidade humana, pero dándolle unha dimensión radical, e permitindo o desenvolvemento da sociabilidade.

Os escolares reciben na vida cotiá, no seu presente, e en tódalas súas actividades fóra da comunidade escolar, moitos coñecementos sobre feitos e conceptos que modulan a súa mentalidade, e estas informacións factuais ou conceptuais son rexeitadas no ámbito curricular; imponse xa unha adecuación desde criterios de flexibilidade que faga posible unha converxencia real e práctica da ensinanza formal e informal que levan defendendo diferentes pedagogos desde hai tempo. Recollemos unha cita de COOMBS que se debería converter no punto de arrinque da práctica educativa: “... La modalidad de educación más omnipresente y, a la larga, la más importante de toda oferta educativa nacional es el aprendizaje informal, el aprendizaje espontáneo, no estructurado, que progresa diariamente en casa, en la vecindad, fuera de la escuela, en el campo de trabajo, en el mercado, en la biblioteca y en el museo, y a través de los medios de comunicación social, todo lo cual constituye el entorno de aprendizaje informal de una persona..”(1985).

4 - AS CIENCIAS SOCIAIS E A VIDA COTIA

A nova historia, a nova xeografía e as outras Ciencias Sociais están a desenvolver enfoques que fan coincidir os seus campos de investigación coa vida cotiá e co presente. E desde esta posición recorreremos a unha cita de FERRAROTI (1991), que é moi significativa:...” Por esta via el hombre común, es decir cualquier hombre o mujer - en otras palabras, la vida cotidiana en su específica actualidad y al mismo tiempo en el modo en que es recu-

perada y restituída por la memoria que incensadamente trabaja sobre ella - se transforma en objeto de estudio interdisciplinario y a su vez unitariamente examinado...”

Estes novos enfoques, que abren en realidade novos obxectos de investigación científica en común, teñen que sistematizarse, desde a experiencia e a reflexividade, para poder ser operativos no proceso de ensino - aprendizaxe. Tarefa, por outra parte nada fácil, xa que a vida cotiá e os saberes da educación informal caracterízanse por estar en proceso de intercreación constante nos escolares do ensino obrigatorio; nembargantes, a pesar das dificultades, a sistematización curricular é posible sempre que observemos a vida cotiá como un produto individual e colectivo.

Queremos insistir sobre a relación, que necesariamente hai que establecer no proceso de ensino- aprendizaxe, entre as Ciencias Sociais e vida cotiá e para isto o mellor é observar que historiadores/as, xeógrafos/as, sociólogos/as, psicólogos/as sociais, economistas, de diferentes escolas, coinciden no desexo de contemplar o ser humano como actor e non como marioneta na realidade social; e desde esta consideración recollemos a idea de BRUNNER de que os escolares sexan actores da súa aprendizaxe e non espectadores e desde unha análise con proxección curricular cara ó ensino obrigatorio, preocúpanos e interésanos a inmediatez do presente cotián e isto por dous aspectos que nos parecen moi relevantes, que teñen unha natureza distinta pero que neste caso son complementarios.

En primeiro lugar hai que analizar a inmediatez do presente cotián desde os planos individual e colectivo dos escolares e isto ten que converterse no eixe que estructure e fixe os criterios para sentar as bases de negociación doutros contidos; pero o que é aínda máis importante, o traballo que se realiza na procura de acadar unhas boas relacións interpersoais, en definitiva os escolares poden facer visible como a comunidade escolar se integra no seu contorno vivencial e social.

En segundo lugar, a inmediatez do presente cotián é o que vai permitir que as Ciencias Sociais poidan cumprir, dunha forma nítida, unha das súas finalidades esenciais, é dicir, que se verifique a construción significativa do mundo social. Neste momento é preciso que destaquemos que os contidos da vida cotiá teñen que impregnarse desde a dimensión cualitativa fronte á dimensión cuantitativa que aínda, hoxe, é prevalente nos contidos curriculares do ensino obrigatorio.

Recollemos as opinións de dous historiadores que sintetizan, dun xeito admirable, a importancia do cotián e do presente na concepción da Historia e desde a noso criterio son extrapolables ó conxunto das Ciencias Sociais e, por suposto, trasladables ó currículo escolar.

Así PETER BURKE en Formas de hacer Historia (1991) dinos que “... La historia de la vida, rechazada en otros tiempos por trivial, está considerada ahora por algunos historiadores como la única historia auténtica, el centro con el que debe relacionarse todo lo demás. Lo cotidiano se halla también en la encrucijada de enfoques recientes en sociología (desde MICHEL de CERTAU a ERVING GOFFMAN) y en filosofía (tanto marxista como fenomenológica)...”.

Tamén PETER BURKE analiza desde a posición e o traballo dos historiadores as dificultades que pode presentar o cotián, e as mesmas podémolas atopar no proceso de ensino-aprendizaxe. E formúlas desta forma: “Igual dificultad entraña la descripción o el análisis de la relación entre estructuras de cada día y cambio cotidiano. Visto desde dentro, lo coti-

diano parece intemporal. El reto planteado al historiador social es mostrar cómo el relacionar la vida cotidiana con los grandes sucesos - como la Reforma o la Revolución francesa - o con tendencias a largo plazo - como la occidentalización o el nacimiento del capitalismo - forma, de hecho, parte de la historia...Uno de los focos de atención de los historiadores sociales podría ser el proceso de interacción entre acontecimientos y tendencias de mayor importancia, por un lado, y estructuras de la vida cotidiana, por otro..”

JOSEFINA CUESTA, en *Historia del presente* (1993) reflexiona sobre o concepto de historia do presente e perfíla o do seguinte xeito:...”Por historia del presente - reciente, del tiempo presente o próxima, conceptos todos ellos válidos - entendemos la posibilidad de análisis histórico de la realidad social vigente, que comporta una relación de coetaneidad entre la historia vivida y la escritura de esa misma historia, entre los actores y testigos de la historia y los propios historiadores...El presente es eje central de su análisis, al que no retiene aislado de la sucesión temporal o del espesor de los tiempos,- y aquí radica la diferencia esencial con la historia inmediata, tracto cronológico final del propio presente. El presente se entiende, en el concepto al que nos referimos, como expresión de la relación compleja de la temporalidad, en la que no es tan fundamental la sucesión en la diacronía como la propia relación entre los tiempos - pasado y presente, sin descuidar el futuro- y mutua interacción entre ellos...”

Tempo presente e vida cotiá deben constituírse como os eixes sobre o que se estruturen os conceptos substantivos e interdisciplinares das Ciencias Sociais.

5 - OS ELEMENTOS DA VIDA COTIA

Convén neste punto definir os elementos esenciais da vida cotiá. E así, referímonos á vida cotiá como o conxunto de actividades individuais e colectivas que posibilitan a vida e a representación social, necesitando un soporte territorial, feito e construído polos homes e mulleres a través do tempo histórico, nun marco social, nun marco económico, nun marco político, nun marco técnico e cultural, e nunha estrutura ideolóxico- simbólica.

A percepción e a apreensión da vida cotiá non é idéntica, hai un modo de sentila e vivila; pero a pesar disto é preciso fornecer ós escolares dos recursos intelectuais necesarios que lles permitan actuar nunha sociedade complexa, dun mundo cambiante e dinámico.

Pero para logralo é preciso que os escolares adquiran, en primeiro termo, a percepción do seu socioambiente, para que poidan facer unha adaptación permanente á vida cotiá ou incluso, podemos dicir, a loitar, día tras día, contra as durezas e as esixencias que xorden, a nivel individual ou colectivamente, de forma incesante como produto e proceso da vida cotiá.

Dándolle á vida cotiá a capacidade de evolucionar e transformarse, e que fai posible o cambio social e de mentalidade, entendemos como cambio a sucesión de diferencias no tempo nunha identidade persistente (NISBET 1993).

Podemos, pois tirar, unha conclusión que se torna nuclear. A vida cotiá fai comprensible o cambio social e a evolución da mentalidade, xa que ela axuda a facer visible o invisible.

Imos a analizar, moi brevemente, o que GIDDENS (1994) chama as consecuencias da modernidade. Pero son elementos da vida cotiá e conceptos substantivos das Ciencias

Sociais, esta breve análise pretende ser unha reflexión que permita nutrir os contidos curriculares de novos enfoques e sobre todo de utilidade para unha comprensión da vida cotiá que nos envolve agora mesmo.

Reflexionaremos, entón, sobre tempo e cambio histórico, sobre o poder como elemento presente na vida cotiá, sobre a tecnoloxía coa intencionalidade de darlle unha face humana e social á tecnoloxía e, polo tanto, reflexionando sobre o home e muller tecnolóxicos.

A - Tempo e cambio histórico

Os grandes cambios históricos non adoitan levarse moi ben co calendario e o século vinte é unha boa proba disto. É certo que, teóricamente, comezou o 1 de xaneiro de 1901; sen embargo son moitos os historiadores e historiadoras que sinalan como data de comenzo do século vinte a de 1914, co inicio da Primeira Guerra Mundial. Ou, por exemplo, PIERRE LÉON que sinala a data de 1917 como o inicio do cambio profundo de mentalidade; pero ámbalas datas sérvenos para dicir que o século comezou a ser el mesmo.

Agora, malia que aínda non chegou a súa fin, segundo o calendario, ben pode dicirse que a mentalidade do século vinte transformouse, e que o século XXI naceu xa entre a primavera de 1989 e o verán de 1991, coa caída do Muro de Berlin e a desaparición da URSS. Pero o que si é certo, é que a década dos 90 está a certificar un cambio de mentalidade, sendo este cambio o froito da vertixinosa sucesión de transformacións que afectan, dun xeito interrelacionado, ás diferentes estruturas que configuran os modos de vida.

Neste tempo que estamos a vivir o grande risco é a perda da nosa identidade cultural, xa que os cambios están a impor unha cultura homoxeneizadora e, en moitos casos, allea. E por iso desde as Ciencias Sociais, con proxección curricular, o tempo e cambio histórico teñen que impregnarse nos diferentes contidos co que é esencial na conformación da nosa identidade individual e colectiva, a través da vida cotiá presente e das herdanzas históricas.

B - O poder

A idea de vivir nun mundo globalizado e interdependente tende a aceptarse nesta sociedade posmoderna. E tamén os poderes que nos gobernan están cada vez máis lonxe da nosa vida cotiá. Hai quen afirma que o poder, nesta fin de século, faise invisible, e desde unha didáctica da vida cotiá imponse como obxectivo nuclear a necesidade de recuperar a visibilidade do poder. Isto supón tentar que os escolares do ensino obrigatorio acaden a comprensión do termo poder en todálas súas acepcións.

Tarefa non fácil pero de indubidable interese, xa que estamos a asistir á consolidación de poderes financeiros, comerciais, e mediáticos que non coñecen, baixo o neoliberalismo que nos agobia, nin fronteiras, nin estados, nin culturas.

Conceptos como ben público, benestar social, redistribución dos recursos escasos, igualdade e liberdade non están feitos para este novos poderes que escapan ó control, incluso, do propio poder político. E estes conceptos, de vello significado, débense enraizar nunha didáctica da vida cotiá.

C - A tecnoloxía

Acéptase que o home e a muller de fin de século son seres tecnolóxicos. O espacio cotián e persoal como é a casa é xa, desde hai tempo, un lugar tecnificado: Televisión, radio, lavadoras, lavavaixelas, ordenadores, etc., son dominantes na vida cotiá. Pero hoxe,

máis que nunca, o espacio sociolaboral, que é tamén cotián, está condicionado pola irrupción da tecnoloxía.

Son moi interesantes as reflexións realizadas por J.B. TERCEIRO (1996), en que se entreven algúns dos impactos, tanto a nivel social como económico, da tecnoloxía que nos está a envolver.

Na actualidade, debido á presión da tecnoloxía, hai que adecuar case dun modo continuo os coñecementos para facer fronte á vida cotiá. E desde as Ciencias Sociais temos que considerar a tecnoloxía como un produto social e cultural que favoreceu o proceso de liberación e de recreación humana.

Hoxe a tecnoloxía parece conducirnos a unha sociedade máis automatizada e virtual, tomando este último vocábulo na acepción de artificial. Incluso podemos dicir que a memoria e a creación fanse alleas ó home e á muller, pois é o ordenador quen ten a memoria, e quen sabe se a capacidade de crear pensamento nun próximo futuro.

As Ciencias Sociais, desde o cotián, teñen que incorporar a dimensión humana e social á tecnoloxía, co fin de que os escolares do ensino obrigatorio teñan na súa vida cotiá unha relación axeitada cos obxectos e artificios e non rompan cos factores e elementos da realidade e da sociabilidade.

6 - ANEXO DIDACTICO

LECTURAS PARA CONVERSAR

A modo de introducción

Imos a presentar catro lecturas para que conversen os escolares. Os textos están pensados para os últimos cursos de Educación Primaria e os primeiros cursos de Educación Secundaria. É hora de darlles a palabra ós escolares para que falen do próximo, de si mesmos, e das ideas e dos feitos que constrúen a súa existencia.

Unha didáctica da vida cotiá ten, necesariamente, que recuperar a conversación como unha estratexia e recurso didáctico de primeira orde, con finalidades e intencións educativas diversas e distintas, cubrindo eidos que van desde a adquisición de habilidades comunicacionais ata fornecer os puntos de vista particulares, e tamén enriquecer os coñecementos dos escolares.

Resumimos e sintetizamos as pautas que nos permiten introducir os escolares na metodoloxía conversacional.

En primeiro lugar, recollemos o concepto de liñas da conversación no significado de tendencias, polo tanto, a conversación non debe estar pechada a ningún tema que susciten os escolares, aínda que sexan os escolares os que marquen o ritmo da conversación, os profesores e as profesoras deberán intervir para mostrar, ou ben o seu propio punto de vista, ou ben introducir simplemente equilibrio na conversación.

En segundo lugar a conversación non encerra fins, soamente, utilitaristas ou pragmáticos nin, tampouco é unha clase práctica máis senón que pretende desenvolver ideas, conceptos e feitos que xorden na vida cotiá.

En terceiro lugar é recomendable que os escolares fagan, en pequenos grupos, unha lectura do texto e que cada escolar elabore un esquema das ideas ou feitos sobre os

que queira conversar e, incluso, no seu microgrupo, deberían facer unha comparación dos temas e unha síntese para darlle unha maior fluidez á conversación.

En cuarto lugar, os textos, que acompañan a este anexo didáctico, inciden en aspectos da vida cotiá e procuran conxugar os aspectos individuais e colectivos nos que a persoa se atopa envolta. Desde este punto de vista achegáanse máis ó cualitativo que ó cuantitativo.

TEXTOS

- 1 - A autorrealización persoal
- 2 - Os grupos sociais
- 3 - O home e a muller como consumidores
- 4 - Os medios de comunicación

1 - A autorrealización persoal

A - Formamos a sociedade galega

Xa sabes que formamos parte dunha sociedade. Todos nós constituímos a sociedade galega e esta intégrase na española. Fálase de sociedade cando un grupo de seres humanos, con base territorial, coopera na realización dos seus intereses principais.

As persoas individuais somos produto dunha historia, e polo tanto tamén da sociedade na que vivimos e da que formamos parte.

Os homes e mulleres poden actuar e intervir no seu contorno social, e así a nosa personalidade proxéctase na sociedade. Nunha primeira etapa ímonos integrando nos grupos sociais primarios: familia, escola, barrio, centro de traballo, etc.

A familia, os teus amigos e amigas, a escola, teñen especial importancia para a formación da túa personalidade.

B - A busca da realización

Cando o desenvolvemento da personalidade humana en tódolos seus aspectos, pero sobre todo, afectiva e socialmente, se produce de forma equilibrada e gradual, podemos falar de autorrealización.

A autorrealización persoal atopa moitos atrancos e ás veces, acadar ese desenvolvemento ponderado da personalidade é imposible. Estes atrancos, moitas veces, teñen a súa orixe nos graves problemas que presenta a sociedade, problemas que, como o paro, son alleos a un mesmo e levan ó individuo á frustración personal.

C - O libre desenvolvemento da personalidade, fundamento da paz socialA Constitución española e o Estatuto de Autonomía de Galicia declaran a obriga dos poderes públicos de lograr o libre desenvolvemento da personalidade. E así se recolle no artigo 10-1 da Constitución :..." A dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e ós dereitos dos demais son fundamento da orde política e da paz social..."

As liñas da conversación

Neste texto suxerimos como puntos iniciais da conversación as distintas cuestións que se abordan nel.

A modo de exemplo : Definir o concepto de sociedade. ¿ Quen forma a sociedade galega? Significados de termos como : base territorial, cooperación, etc.

Dialogar: por qué somos produto e proceso na historia, conversar sobre a súa historia persoal e entrecruzar as diferentes historias persoais. É, moi conveniente que os escolares falen e dialoguen sobre as súas expectativas no presente social e no seu futuro máis próximo, e que na conversa eles/as mesmos/as traten de expor e de asumir que son donos e donas do seu propio destino.

Conversar sobre o seu nivel de autorrealización persoal.

Dialogar sobre cómo os poderes públicos contribúen o desenvolvemento da personalidade humana.

2 - Os grupos sociais

A - As persoas relacionámonos

Na familia, na escola, cos compañeiros de traballo relacionámonos dun modo directo e continuado. Son sempre unhas relacións afectivas ou guiadas pola mutua estima. Son unhas relacións involuntarias.

A familia, a escola, os compañeiros de traballo constitúen os chamados grupos sociais primarios.

Na vida diaria e cotiá xorden tamén outras relacións que nós mesmos buscamos. Son as relacións chamadas voluntarias. Prodúcense cando nós libremente decidimos manter algún tipo de relación con sindicatos, partidos políticos, asociacións culturais e, por suposto, tamén, cunha asociación xuvenil.

As asociacións, os sindicatos, os partidos políticos, constitúen os grupos sociais secundarios.

Xeralmente a convivencia prodúcese sempre dentro dos grupos sociais primarios e secundarios.

Pero tamén existen uns grupos de convivencia máis amplos e que son tamén importantes: o noso barrio, a nosa aldea, a nosa vila, a nosa cidade. En realidade, como ves, son os lugares onde se produce a convivencia.

B - Os poderes públicos promoven a convivencia

Na Constitución española e no Estatuto de Autonomía de Galicia existen diferentes artigos que se preocupan do benestar dos grupos sociais primarios, e artigos que promoven a existencia dos grupos sociais secundarios.

Así, por exemplo, di o artigo 39 da Constitución : “Os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia”.

Como podes ver, as leis máis importantes preocupáanse dos grupos sociais primarios e secundarios. Os poderes públicos buscan unha convivencia social positiva. É indubidable que para logralo, o mellor camiño é a promoción da solidariedade entre os cidadáns.

As liñas da conversación

A conversación pode ter neste texto distintas intencionalidades e finalidades.

Os escolares, a través dalgũa pregunta inicial realizada polo profesor ou profesora, podían començar a falar sobre as súas relacións cos demais compañeiros e compañeiras da aula e se as manteñen fóra dela. Dentro deste punto analizaríase as relacións entre distintos sexos, sendo neste tema moi interesante que os ecolares asuman as relacións entre os distintos sexos sen ningún tipo de discriminación.

Unha segunda fase da conversación pode xirar en torno a que os escolares desenvolvan entre eles unhas relacións en termos de igualdade e non se produzan situacións de dominio ou de violencia nas distintas relacións que establezan.

Outras intencionalidades da conversación deberían ser que os escolares se instalen nos grupos sociais que estruturan a súa vida cotiá; tamén habería que correlacionar as distintas leis coa vida cotiá, e desde calquera perspectiva a conversación ten que impulsar os escolares no camiño da solidariedade para a súa existencia.

3 - O home e a muller como consumidores

A - Os perigos do consumismo

Hoxe vémonos continuamente asediados polos máis variados produtos que a publicidade nos incita a consumir, aínda que na maioría dos casos sexan innecesarios.

Pero non é soamente iso, senón que a publicidade é enganosa para os intereses das persoas e incluso para toda a colectividade.

Perante esta situación os poderes públicos toman medidas conducentes a protexer os consumidores. O noso Estatuto e a Constitución recollen esta problemática.

No artigo 51-1 a Constitución sinala o seguinte: “Os poderes públicos garanten a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e mailos lexítimos intereses económicos dos mesmos”.

B - É necesaria unha educación para o consumo

Ante o perigo de manipulación que pode sufrir a persoa é preciso que esta reciba unha formación para o consumo. Estanse a dar pasos nesa dirección: así, hai tempo xurdiron xa asociacións de consumidores que informan sobre fraudes ou adulteracións de produtos e servizos. Indubidablemente este é un labor importante, pero insuficiente.

É moi difícil establecer as orixes do consumismo, mais pódese dicir que é a partir dos anos 50 cando os países industriais evolucionan cara a unha sociedade de consumo na que se verte o desexo de atopar praceres cómodos ou de evadirse da realidade.

Temos que procurar educarnos como consumidores, xa que a realización persoal non se consegue consumindo, sen máis, produtos superfluos.

Esta obriga de fomentar a educación do consumidor tamén é recollida na Constitución no artigo 51-2: “ Os poderes públicos promoverán a información e maila educación dos consumidores e usuarios”.

As liñas da conversación

O consumo é estudado, desde distintas perspectivas, durante o ensino obrigatorio como tema transversal e faise con distinta intensidade desde outras áreas curriculares, pero as Ciencias sociais teñen que nuclealo nos seus contidos, tanto na dimensión temporal como na espacial, e facelo con intensidade en toda a escolaridade obrigatoria.

As liñas de conversación que suxerimos deberían arrincar das propias vivencias dos escolares como consumidores. É moi conveniente que os escolares adquiren, individual e colectivamente, o compromiso da educación para o consumo e que as súas aprendizaxes se manifesten, en acción, na súa vida cotiá.

4 - Os medios de comunicación

A - A evolución da comunicación

A comunicación é esencial na vida social e na realización persoal. Hai mesmo quen afirma que o home e a muller inventaron a palabra para comunicarse e que, desde entón, foi introducindo cambios no proceso de comunicación ata chegar ó momento actual, no que os medios que interveñen nese proceso están atravesando unha revolución tecnolóxica que vai, sen lugar a dúbidas, afectar profundamente a nosa vida cotiá.

Pódese dicir que durante moito tempo a comunicación dos acontecementos era case directa e case persoal, mentres que na actualidade estamos nunha etapa de comunicación de masas, e así o control dos medios de comunicación é un factor decisivo na sociedade actual.

B - O poder dos medios de comunicación

Os medios de comunicación de masas (radio, televisión, prensa escrita, cine) encárganse de transmitir as noticias, as opinións e as imaxes a millóns de persoas, polo que se converten nun fabuloso instrumento que poden cumprir funcións de información e de formación, pero tamén de dominación e de manipulación. É tal a súa forza que se lles chama o cuarto poder.

A información está controlada, seleccionada e dirixida por poderosos grupos que, en moitos casos, a utilizan en función dos seus intereses particulares. Isto fai que a independencia dos medios sexa máis aparente que real.

Os receptores da información somos unha masa social indiscriminada e pouco crítica, que non pode contrastar nin analizar toda a información que recibe. Para combater esta situación hai que lograr a pluralidade informativa elevando sobre todo os niveis medios de educación para aumentar o espírito crítico da cidadanía.

As liñas da conversación

Na conversación os escolares poderían reflexionar sobre os medios que eles empregan para informarse ou entreterse, ó mesmo tempo que analizan a súa vida cotiá en relación coa información ou ocio que os medios de comunicación transmiten.

Esta parte da conversación tentaría que os escolares adopten a idea de que os medios de comunicación forman parte da vida cotiá. Incluso podemos dicir que son reguladores dela, e en moitas ocasións os medios de comunicación condicionan o seu tempo social.

Nunha segunda parte da conversación podían tratar a evolución histórica da comunicación, as funcións dos medios, e a independencia dos mesmos.

A modo de conclusión

É necesario que a conversación entre na programación dos cursos e se secuencien, ben con contidos curriculares ou ben coas necesidades expresadas polos escolares. Unha das finalidades que se poden lograr a través da conversación é que os escolares adquiren unha mellor autopercepción da escola e por suposto da vida cotiá.

Nos textos expostos faise alusión, reiteradamente, ás leis fundamentais, como son a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia, e á obriga e ó compromiso dos poderes públicos cos cidadáns, e isto realízase coa intención de que os escolares perciban e interioricen que as institucións teñen que velar polo benestar xeral na vida cotiá. Facer visible, en definitiva, o poder no cotián e convertelo en comprensible.

BIBLIOGRAFIA

- ARANGUREN, J.L. (1991), *Moral de la vida cotidiana, personal y religiosa*, Edit Tecnos, Madrid.
- AUGÉ, M., (1993) *Los "No lugares". Una antropología de la Sobremodernidad*, Edit Gedisa, Barcelona.
- AYALA, F., (1994), *Introducción a las Ciencias Sociales*, Edit Catedra, Madrid.
- BECKER, G., (1983), *El capital humano*, Alianza Universidad, Madrid.
- BURKE, P., (1993), *Formas de hacer historia*, Alianza Universidad, Madrid.
- CAMPS, V., (1994), *Los valores de la educación*, Edit Anaya, Madrid.
- CHAO REGO, X., (1987), *Para comprendernos Galicia*, Edit Galaxia, Vigo.
- COOMBS, P.H., (1985), *La crisis mundial de la Educación*, Edit Santillana, Madrid.
- CORTIZO, J., (1987), *Libro del profesor* (Ciencias Sociais), Ediciones Anaya, Madrid.
- CRESPI, F., (1996), *Aprender a existir. Nuevos fundamentos de la solidaridad social*, Alianza Universidad, Madrid.
- CUESTA, J., (1993), *Historia del presente*, Edit Eudema, Madrid.
- DELVAL, J., (1993), *Crece y pensar*, Edit Paidós, Barcelona.
- FERRAROTI, F., (1991), *La historia y lo cotidiano*, Ediciones Península, Barcelona.
- GIDDENS, A., (1994), *Consecuencias de la modernidad*, Alianza Universidad, Madrid.
- GIMENO SACRISTAN, J., (1983), *Comprender y transformar la enseñanza*, Ediciones Morata, Madrid.
- GROOS, R.E., (1983), *Ciencias sociales*, Ediciones Limusa, México.
- HELLER, A., (1987), *Sociología de la vida cotidiana*, Ediciones Península, Barcelona.
- LEFÉBVRE, H., (1971), *Introducción a la psicología de la vida cotidiana*, Alianza Editorial, Madrid.
- MELICH, J., (1994), *Del extraño al cómplice. La educación en la vida cotidiana*, Editorial Anthropos, Barcelona.
- NISBET, R., (1993), *Cambio Social*, Alianza Editorial, Madrid.
- TERCEIRO, J.B., (1996), *La sociedad digital. Del homo sapiens al homo digital*, Alianza Editorial, Madrid.